



DECLARACIÓNS E COMPROBACIÓN DE DATOS DAS PERSOAS INTEGRANTES DA AGRUPACIÓN

IG300J- AXUDAS A PROXECTOS QUE IMPULSEN E REFORCEN A TRANSICIÓN Á CADEA DE VALOR DO VEHÍCULO ELÉCTRICO E Á DESCARBONIZACIÓN DO SECTOR DE AUTOMOCIÓN EN GALICIA – LIÑA 1 DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN

IGXXXX -AXUDAS A PROXECTOS QUE IMPULSEN E REFORCEN A TRANSICIÓN Á CADEA DE VALOR DO VEHÍCULO ELÉCTRICO E Á DESCARBONIZACIÓN DO SECTOR DE AUTOMOCIÓN EN GALICIA – LIÑA 2 PROTECCIÓN DO AMBIENTE INCLUÍDA A DESCARBONIZACIÓN

DATOS DA PERSOA INTEGRANTE DA AGRUPACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF



A PERSOA INTEGRANTE DA AGRUPACIÓN OU REPRESENTANTE DECLARA:

☐ Para as entidades suxeitas a inscrición no Rexistro Mercantil: que cumpriu coa obrigaón de depósito no Rexistro Mercantil das contas anuais correspondentes ao último exercicio coa obrigaón de depósito, segundo os artigos 366 e 368 do Regulamento do Rexistro Mercantil (RD 1784/1996 do 19 de xullo) e o artigo 279.1 do texto refundido de lei de sociedades de capital.

☐ Relación doutras axudas públicas ou privadas recibidas e/ou solicitadas para os mesmos conceptos para os que se solicita esta subvención.

☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.

☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE	ANO

☐ Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

☐ Que os provedores non están asociados nin vinculados coa empresa solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, entendéndose que existe vinculación entre empresas se se dan as circunstancias previstas no artigo 27.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e o artigo 43.2 do Decreto que desenvolve a citada lei; así mesmo, tomarase en consideración a definición de empresas asociadas ou de empresas vinculadas establecida nos apartados 2 e 3 respectivamente, do artigo 3 do Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.

☐ Que non pode ser considerada unha empresa en crise conforme o disposto no artigo 2.18 do Regulamento (UE) 651/2014, do 17 de xuño, da Comisión Europea.

☐ Que non iniciou os investimentos e que non existe acordo irrevogable para realizar o proxecto.

☐ Que asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como o deber de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeita de fraude [a través do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude \(SNCA\)](#).

☐ Que non está suxeita a unha orde de recuperación de axudas como consecuencia dunha decisión da Comisión Europea.

☐ Que cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións, así como a normativa vixente sobre accesibilidade de persoas con discapacidade e a normativa medioambiental exixible, en particular a normativa reguladora da Rede Natura 2000 e demais espazos naturais protexidos e a Lei 21/2013 de Avaliación Ambiental e o Real Decreto Lexislativo 1/2016 polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, no caso de que resulte de aplicación polas características ou ubicación do proxecto.

☐ Que ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que se solicita a axuda e garantir a sostibilidade financeira do proxecto.

☐ Que manterá un sistema de contabilidade separada ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos Feder.

☐ Que conservará os libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á persoa beneficiaria en cada caso, así como a documentación xustificativa da realización a aboamento dos gastos e investimentos subvencionables durante o prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano no que o lgape efectúe o último pagamento á persoa beneficiaria.

☐ Que terá unha permanencia mínima ininterrompida na actividade e manterá as infraestruturas e equipamentos subvencionados destinadas ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante o período de 5 ou 3 anos, [segundo se trate de activos inmobiliarios ou grandes empresas no primeiro caso ou de pemes no segundo. O dito prazo contarase desde a dadta do último pago ao beneficiario, en aplicación do artigo 65 RDC.](#)

☐ Que cumpre o principio de non causar prexuízo significativo ao medio ambiente (principio “do no significant harm” – DNSH), segundo o Anexo VIII a estas bases.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

OPÓÑOME Á CONSULTA

DNI/NIE da persoa integrante da agrupación

O



DNI/NIE da persoa representante	O
Documentación depositada no Rexistro Mercantil segundo o artigo 6.1.a) destas bases.	O
Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas	O
Consulta de concesións doutras subvencións e axudas	O
Certificado de estar ao día de pagamento coa Seguridade Social	O
Certificado de estar ao día de pagamento coa Consellería de Facenda e Administración Pública	O
Consulta ao Rexistro Central de Titularidades Reais (RCTIR), en aplicación do disposto no artigo 69.2 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello	O
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS	AUTORIZO A CONSULTA
A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	
NIF da entidade integrante da agrupación	☐ Si ☐ Non
NIF da entidade representante	☐ Si ☐ Non
Imposto de Actividades Económicas (IAE)	☐ Si ☐ Non
Certificado de estar ao día das obrigas tributarias coa AEAT	☐ Si ☐ Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. A Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación do Programa Galicia-Feder 2021-2027 na súa condición de Organismo Intermedio en virtude das funcións atribuídas pola Autoridade de Xestión segundo o disposto nos artigos 72.1, letra e), 73, 74 e 82 e nos Anexos XIV y XVII do Regulamento (UE) nº 2021/1060 e as súas disposicións de desenvolvemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA DA PERSOA INTEGRANTE DA AGRUPACIÓN OU REPRESENTANTE

Lugar e data		,		de		de	
--------------	--	---	--	----	--	----	--



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos